

HENRIQUE MONTEAGUDO


O SECRETARIO DO CONSELLO DA CULTURA REPASA A TEORÍA DA COMUNICACIÓN Ó RITMO DO ROCK DOS SETENTA

Como non podía ser doutro xeito, os libros ocupan un lugar fundamental na vida e na casa de Henrique Monteagudo, filólogo, profesor e secretario do Consello da Cultura Galega. Na súa biblioteca danse cita unha extensa representación da literatura galega e obras de autores como Edgar Allan Poe

ou Jorge Luis Borges («Son dous dos meus preferidos», confesa este amante do relato curto). Nembargantes, reconece non ler tanta literatura de creación como no pasado xa que está máis centrado nas lecturas académicas sobre a teoría da comunicación como a obra *De Gutenberg a Internet*, que

o ocupa na actualidade. Na súa casa de Ames tamén ten espazo para unha interesante colección de cedés na que a música clásica e o rock dos anos setenta ocupan un lugar preeminente. Discos de Vivaldi e Mahler conviven con outras gravacións xa clásicas tamén como o *Rock 'n' Roll Animal*

de Lou Reed ou Ziggy Stardust de David Bowie, traballos dos seus admirados King Crimson e outros discos dos 70. De feito, Monteagudo confesa que non lle gusta a música que se fai na actualidade. «Quedeime naquela época roqueira. Como moito chego a Police ou Dire Straits», reconece.



Henrique Monteagudo traballa na súa casa de Ames co recordo sempre presente do seu amigo Carlos Casares

CASARES E BUCIÑOS

Unha pequena escultura en bronce encargada polo Consello da Cultura Galega a Buciños para homenaxear a Carlos Casares simboliza a un tempo a admiración de Henrique Monteagudo pola obra do artista lucense e o recoñecemento ó labor e á figura do escritor ourensán co que o uniu unha estreita relación: «Fun moi amigo e colaborador de Carlos Casares», lembra Monteagudo.




A música clásica e o rock dos setenta, os seus favoritos



Alberto Torrado, Monteagudo, Antón Reixa e Alberto Avendaño, durante un recital do grupo poético Rompente no ano 1981

TEXTO
Ángel Palmou
FOTOS
Xurxo Lobato



DOUS ANACOS DE HISTORIA

Unha valiosa edición do século XVIII da obra *Demostación crítico-apológica del Theatro Crítico Universal*, de Frei Martín Sarmiento —autor do que Monteagudo é un recoñecido especialista—, e unha carta enviada desde A Habana polo seu avó